

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016637	IES Cosme López Rodríguez	A Rúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introdución

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 2º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novedade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na producción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

A lexislación en que nos baseamos é a seguinte:

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

O curso comeza con 34 alumnos/as matriculados, divididos en dous grupos (A e B).

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua prograse en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos».

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín

Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprendible co portugués, outorgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 2º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos títulos dan conta de cancións galegas agás no caso da unidade 7 dedicada á publicidade onde a referencia é un anuncio. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura reconhecendo o sentido global e as ideas principales e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.		3		1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.		1-4				1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O longueirón	<p>Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO dos sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e do portugués, poñendo o foco agora nas semellanzas e as diferenzas entre ambos os dous sistemas. Os contidos comunicativos xirarán arredor das secuencias narrativas e no emprego de recursos como a deixe. Aproveitaranse os textos relatados para reparar no uso coherente das formas verbais.</p> <p>Por outra banda, a lectura da obra de lectura obligatoria do primeiro trimestre (un poemario) servirá para acometer a análise dalgúns elementos constitutivos dun poema (a métrica e a rima). Este será o punto de partida para establecer as relacións internas entre estes e o sentido da obra, de modo que o alumnado sexa quen de diferenciar algúns subxéneros poéticos como a canción ou a sátira.</p> <p>Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego das regras de acentuación e no acento diacrítico.</p>	10	12	X		
2	O lucecú	<p>O estudo dalgúns aspectos socioculturais relacionados con Portugal e outros países lusófonos ocupará as primeiras sesións da unidade.</p> <p>Non obstante, serán os contidos comunicativos e, en concreto, as secuencias textuais descriptivas as que teñan maior protagonismo. Aproveitaranse as descripcións propostas para incidir en aspectos ortográficos como o uso dalgúns signos de puntuación, especialmente o punto e coma e a paréntese.</p> <p>En relación á literatura, ademais continuar coa valoración da obra de lectura obligatoria do primeiro trimestre, afondarase no recoñecemento e análise dalgúns recursos expresivos e figuras estilísticas básicas.</p> <p>A reflexión lingüística centrarase na identificación dos distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade,</p>	10	12	X		

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O lucecú	afirmación, negación e dúbida) e no recoñecemento das interxeccións.	10	12	X		
3	O papagaio	<p>Nesta unidade desenvolverase un proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e outros idiomas próximos ao alumnado. Entre outras actuacións, elaborarase un glosario multilingüe en formato dixital que incluirá léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés e, de ser o caso, nas linguas das/os estudantes de procedencia estranxeira (chinés, árabe, ruso, ucraíno ...). Tamén se incorporarán, a través de códigos QR, expresións básicas (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos.</p> <p>Ademais, realizarase un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea escrita en galego, portugués, catalán e éuscaro. O proxecto complementarase cun intercambio lingüístico virtual cun centro catalán que se concretará en distintas iniciativas (exposicións orais, agasallos de fotopoemas).</p>	15	14	X		
4	O lagostino	<p>O coñecemento das características e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos, exposicións orais e escritas, mapas conceptuais) será o obxectivo fundamental desta unidade. A conmemoración do Día Escolar da Non Violencia e a Paz, o 30 de xaneiro, servirá de eixe temático para o desenvolvemento de distintas actividades, incluídas as complementarias (encontro co Valedor do Pobo).</p> <p>No que se refire á literatura proseguirase coa análise do libro de lectura obligatoria do segundo trimestre, unha obra da narrativa xuvenil actual, e abordarase o estudo dalgúns subxéneros literarios narrativos como o conto, a novela, a fábula ou a lenda.</p> <p>En canto á reflexión sobre a lingua, atenderase especialmente ás relacóns semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos e á clasificación das oracións segundo a voz (activas e pasivas).</p>	10	12		X	
5	A toupa	A análise dos textos que se difunden a través das redes sociais e dos medios de comunicación constitúe un dos aspectos	10	12		X	

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A toupa	<p>máis salientables da unidade. A partir da lectura e valoración de entrevistas a persoas que manteñan distintos puntos de vista sobre temas ambientais, o alumnado establecerá un debate no que se defendan e/ou rexeiten distintas posturas. Alén diso, cada estudiante deberá realizar un comentario para un blog no que achegue a súa opinión.</p> <p>O desenvolvemento destas actividades dará pé a insistir na importancia de manter a cortesía conversacional e de aplicar as normas de etiqueta dixital. Aproveitarase este contexto para elaborar un folleto informativo que inclúa un decálogo con estas pautas.</p> <p>Canto á lectura, gravarase un booktuber no que o alumnado dará a súa opinión sobre a novela de lectura obligatoria.</p> <p>A reflexión sobre a lingua centrarase nas relacións semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia...) e na clasificación das oracións activas (predicativas e atributivas).</p>	10	12		X	
6	A cegoña	<p>Esta unidade desenvolverá un proxecto didáctico centrado na banda deseñada e no libro de lectura obligatoria do segundo trimestre (unha obra da narrativa xuvenil actual) que incluirá, entre outras actividades, a elaboración en grupo dun cómic en formato electrónico inspirado nesta.</p> <p>Para acometer este labor, ademais de realizar un traballo colectivo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es más salientables, temáticas etc.), o alumnado deberá aprender no obradoiro de banda deseñada as características formais, os elementos constitutivos e os recursos expresivos desta manifestación artística. Logo de elaborar as distintas tarefas e de rematar a fase de creación, gravarase un breve vídeo explicativo sobre o proceso.</p>	15	13		X	
7	A andoriña	<p>Ao comezo da unidade estudaranse os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística da contorna do centro. Incidirase, así mesmo, na riqueza dialectal do galego e no rexeitamento de prexuízos lingüísticos.</p> <p>No que se refire ao bloque relacionado coa comunicación, comenzarase a abordaxe e exemplificación, en textos dados,</p>	15	15			X

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A andoriña	dalgunhas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión). Os contidos literarios xirarán arredor do libro de lectura obrigatoria, unha peza teatral de temática feminista. A partir da análise do contenido da obra desde unha perspectiva de xénero, estableceranse vínculos entre esta e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas. Aproveitarase este marco para introducir aspectos teóricos relacionados coa clasificación dos subxéneros dramáticos (comedia, traxedia, drama). En relación á reflexión sobre a lingua avanzarase na identificación dalgunhas funcións sintácticas (axente, atributo, predicativo...).	15	15			X
8	A vacaloura	As últimas semanas do curso destinaranse á edición dun boletín informativo que incluirá noticias, entrevistas, crónicas relacionadas co centro, coa comunidade educativa e cos sucesos más salientables que aconteceron ao longo de todo o curso. O traballo de redacción destes textos servirá para afondar no coñecemento dalgunhas propiedades textuais, particularmente, dos mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais, explicativos...); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O longueirón	12

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as lingüas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas más salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información más relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición sinxela do poemario de lectura obligatoria do primeiro trimestre (métrica, rima etc.).	PE	70
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado recoñece algúns subxéneros poéticos sinxelos a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido dunha obra (canción, sátira...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado relata brevemente a experiencia escolar vivida o curso anterior (aspectos positivos e negativos), axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deíxe e usando con coherencia os tempos verbais.	TI	30
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado acode á biblioteca escolar e participa activamente nunha charla co/a autor/a do poemario de lectura obligatoria. Tamén é quen de expresar a súa opinión sobre algún poema escollido por el ou ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico más habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descriptivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuito literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construcción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	O lucecú	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos socioculturais básicos relacionados cos países lusófonos, tanto de Portugal como doutros países como O Brasil (sistemas políticos, manifestacións artísticas, figuras representativas da literatura, música...).		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información más relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.	PE	80
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente os signos de puntuación, con especial atención ao punto e coma e á paréntese, no texto descriptivo redactado.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información más relevante dunha poesía dada do poemario de lectura obligatoria do primeiro trimestre.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado recoñece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nun poema da obra de lectura obligatoria do primeiro trimestre.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	O alumnado identifica, en textos dados, distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidad, afirmación, negación e dúbida). Tamén sabe recoñecer as interxeccións.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado describe unha persoa coñecida (deportista, cantante, actor/actriz...). Alén das súas características físicas, tamén debe reflectir algún trazo do seu carácter e/ou da súa personalidade.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descriptivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construcción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
3	O papagaio	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as lingua s da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado elabora un glosario multilingüe que contén expresións e léxico cotián básico (en galego, portugués, castelán, éuscaro, catalán e inglés) e, de ser o caso, tamén nas linguas das/os estudantes de orixe estranxeira (chinés, árabe, ruso...).		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado recoñece fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa e léxico cotián básico en lingua de signos. Estas expresións signadas incorpóranse ao glosario multilingüe a través de códigos QR.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, dentro da actividade de intercambio virtual cun centro catalán, grava, en grupos, unha exposición oral sobre temas do seu interese relacionados con Galicia (música, deporte,...). Debe utilizar o rexistro adecuado, axustarse ao tempo establecido e ás convencións textuais.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado escolle e recita un poema no que haxa referenciais a elementos da natureza e fai unha fotomontaxe con imaxes paisaxísticas da súa contorna. O produto final é remitido, en formato dixital, ao alumnado do centro catalán.	TI	100
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora, en grupos de 5-6 estudantes, un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea en portugués, éuscaro e catalán e inclúe unha breve antoloxía de poemas nestas linguas. Debe seleccionar a información máis relevante e indicar correctamente as fontes consultadas.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	O alumnado realiza procura s en manuais e diccionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.

Contidos

- Aproximación ao coñecemento das características más básicas das linguas éuscaras e catalá.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecológica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	O lagostino	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado recoñece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos).		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidad, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, comprende o sentido global, selecciona a información más relevante e valora a estrutura e os procedementos comunicativos empregados nun texto expositivo sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz.	PE	75
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características da novela a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido da obra narrativa de lectura obligatoria do 2º trimestre. Tamén coñece algúns trazos básicos doutros subxéneros literarios narrativos (conto, fábula, lenda...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	O alumnado clasifica as oracións segundo a voz e diferencia entre activas e pasivas. Tamén sabe recoñecer a estrutura das oracións pasivas.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada diccionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado analiza as relacóns semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escucha activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos e guiado polo seu profesor ou profesora, participa activamente na preparación da entrevista co Valedor do Pobo (ou persoa na que delegue) programada no apartado de actividades complementarias.	TI	
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	A partir da lectura do texto anterior, o alumnado elabora un mapa conceptual sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz que se conmemora o 30 de xaneiro.		25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descriptivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidá e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do

Contidos

- propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	A toupa	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado recoñece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación, tanto analóxicos como dixitais (entrevista).	PE	45
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	O alumnado sabe identificar e establecer relacóns semánticas entre palabras: sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado sabe clasificar as oracións activas en copulativas (ou atributivas) e predicativas e estas, en persoais e impersonais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, logo de escutar varias entrevistas sobre un tema relacionado co cuidado do medio, participa activamente nun debate sobre as opinións reflectidas. Cada alumna/o debe respectar a quenda de palabra e manter unha actitude de cortesía lingüística e cooperación conversacional.	TI	55
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, logo de participar no debate e de documentarse sobre o tema tratado, escribe un comentario (para unha rede social ou un blog do centro), no que reflexiona brevemente sobre os contidos debatidos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado coñece as normas de etiqueta dixital e refilce as que considera máis importantes nun decálogo en formato electrónico que se difundirá na páxina web do centro.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado, por parellas, a modo de booktubers, grava un vídeo no que cadaquén dialoga e expresa a súa opinión sobre a obra de lectura obligatoria do 2º trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descriptivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais
- Procesos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, assertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuito literario e lector.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Elaboración de conclusíons propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	A cegoña	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado participa activamente no obradoiro de banda deseñada e sabe identificar as súas características formais e os seus principais elementos constitutivos.	TI	100
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global dun cómic proporcionado polo/a ilustrador/a que imparte o obradoiro e recoñece algúns dos recursos expresivos más significativos do dito texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, en grupos de tres ou catro estudiantes, selecciona información para realizar un traballo sobre o cómic en galego (orixes, evolución, temáticas, autoras e autores destacados...). Respéctanse os principios de propiedade intelectual e indícanse correctamente as fontes consultadas.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado, logo de visitar a biblioteca escolar, elixe un cómic e explícalles ás compañeiras e compañeiros o motivo da súa escolla; tamén pode expresaralles a súa opinión sobre algún lido con anterioridade.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado, por parellas, crea unha páxina dun cómic colectivo inspirado no libro de lectura obligatoria do 2º trimestre.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de localizar e contrastar a información pertinente e de rematar a fase de creación, grava un breve video explicativo sobre o proceso.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalinguística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os traballos incluídos no proxecto coa axuda do profesorado, é capaz de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos

- Estratexias de uso progresivamente autónomo de diccionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	A andoriña	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado sabe detectar, a través de textos dados, as principais propiedades dun texto: coherencia, cohesión e adecuación.	PE	85
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de representar, en grupos, unha escena representativa da peza teatral de lectura obligatoria, establece vínculos entre esta e aspectos da actualidade (igualdade de xénero, micromachismos, linguaxe discriminatoria etc.).		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza a forma e o contido da obra teatral de lectura obligatoria do 3º trimestre dende unha perspectiva de xénero e valora os procedementos comunicativos empregados.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características básicas dalgúns subxéneros do xénero dramático (traxedia, comedia, drama, obra didáctica...)		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona e compara a obra teatral de lectura obligatoria con outros textos e con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes (cine, música, banda deseñada...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	O alumnado é quen de identificar, en oracións simples, as funcións de complemento axente, atributo e complemento predicativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexúzos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado recoñece os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística na que se insire a súa contorna e valora estes fenómenos como mostra da riqueza dialectal do galego.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introdución á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexúzos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
8	A vacaloura	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado identifica a estrutura e os elementos propios dun boletín informativo e coñece as características formais dos textos que se van incluír na súa publicación (noticias, entrevistas e crónicas).		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidad, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado planifica e organiza a forma e o contido do boletín informativo a través de notas, esquemas, resumos etc.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado sabe empregar nos textos redactados algúns mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais e explicativos); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos e hiperónimos).		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escucha activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, colabora activamente na elaboración dun boletín informativo con boa actitude e respectando as normas de cortesía conversacional.	TI	100
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e colabora na redacción dun boletín informativo ben estruturado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen errores salientes.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalinguística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os textos incluídos no boletín informativo coa axuda do profesorado, é quen de recoñecer e emendar os errores formais e de contido detectados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	O alumnado sabe utilizar diccionarios e manuais de consulta para enriquecer o seu traballo cun léxico más variado e preciso, e con estruturas morfosintácticas características do galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Procesos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.

Contidos

- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substituição pronominal e adverbial) e léxicos (repeticiones, sinónimos, hiperónimos e elipses).
- Elaboración de conclusões propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

4.1. Concreciones metodolóxicas

O desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase, na medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Alén do expresado anteriormente sobre algúns aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades más complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
- A potenciación do tratamento integrado de línguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas línguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galego falante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...).

Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional.

- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e diccionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers).

- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.
- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.
- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutras ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construcción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.
- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar as lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.
- Os libros de lectura obligatoria serán: Na cerna da selva, Pere Tobaruela (1^a aval.); Tristes armas, Marina Mayoral (2^a aval.), Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta, Ledicia Costas (3^a aval.).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7 ^a Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografia. Rio de janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Vigo: Xerais
Dosil, Benjamín (2015). Escrita dodata: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benjamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6 ^a Edición). Vigo: Xerais
Fernández Fernández, Isaac (2010). Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais
Frías Conde, Xavier (2022). O escáncer que sabía de más e outras micropezas. Barcelona: La vaca voladora
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Vigo: Xerais
Méndez Álvarez, M ^a Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreira Leirado, Marisa (2011). (2 ^a Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais
Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais

A historia da Banda Deseñada galega (<http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710>)

Vilagrassa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del català. Barcelona:Teide

Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>

Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>

Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>

Portal da Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística: <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega>

Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, o centro dispón de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da lingua galega, Portal das palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

- Os libros de lectura obligatoria serán: Na cerna da selva, Pere Tobaruela (1^a aval.); Tristes armas, Marina Mayoral (2^a aval.), Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta, Ledicia Costas (3^a aval.).

Ademais, débese contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións. Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc., constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escucha ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluirá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua abordadas no primeiro curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	15	15	15	100
Proba escrita	70	80	0	75	45	0	85	0	40
Táboa de indicadores	30	20	100	25	55	100	15	100	60

Criterios de cualificación:

As probas escritas (incluíndo a do libro de lectura obligatoria serán valoradas cun 80%. As táboas de indicadores, cun 20%.

Para aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un destes instrumentos de avaliação.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliações parciais de maneira que a última coincida coa avaliação final ordinaria.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliação das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación establecida entre elas.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliação (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Ademais diso, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas terán unha penalización que se reflectirá na cualificación de cada proba. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata un punto na súa cualificación. O profesorado establecerá a puntuación que hai que descontar por cada unha delas, atendendo á súa gravidade. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo ser este un motivo de suspenso da proba.

A valoración da lectura comprensiva e reflexiva das obras de lectura obligatoria establecese nas unidades didácticas correspondentes.

Criterios de recuperación:

Alén das distintas probas realizadas ao logo do curso, para que o alumnado con parte da materia suspensa poida adquirir as aprendizaxes competenciais pendentes, tamén se establecerán, en cada caso, as medidas oportunas.

Deberanse fixar prazos e espazos de entrega (aula virtual ou Edixgal) para facilitar a presentación das tarefas sen superar.

Para recuperar os proxectos trimestrais procederase do seguinte xeito:

- Ao longo do 2º trimestre, no prazo establecido pola/o docente, o alumnado que suspendese ou non realizase as actividades do proxecto do 1º trimestre poderá volver presentalas.
- Ao longo do 3º trimestre, no prazo establecido pola/o docente, o alumnado que suspendese ou non realizase as actividades do proxecto do 2º trimestre poderá volver presentalas.
- O proxecto do terceiro trimestre recuperarase, no prazo establecido pola/o docente, a través de actividades ou exercicios individuais similares aos realizados no traballo proposto.

Aqueles mecanismos de avaliação que non sexan susceptibles de repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliação implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliação.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliação parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliações realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso». En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obligatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titulares legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, más concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliação. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, que serán distintas ás empregadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento más ríxidos para que a alumna/o siga implicada/o na materia.
 - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, impresoras, libros de consulta, diccionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, empregaránse outros medios dixitais como a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal.
 - f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se acha actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbihdas.
 - g) Seguimento e avaliação. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).
 - h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliação e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titulares legais, será remitido ao departamento.

En cada sesión de avaliação farase o seguimento do Plan de reforzo e, se for necesario, realizaránse os axustes que procedan. Na sesión de avaliação final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliação, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliação na educación secundaria obligatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliação positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliação deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelhas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliação implicados.

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliação nesa etapa educativa, "O seguimento do plan de reforzo e avaliação das materias ou ámbitos pendentes realizarase en cada sesión de avaliação parcial e na sesión de avaliação final. Para estes efectos,

programaranse actividades e/ou probas de avaliación ao longo do curso para verificar a superación desas materias ou ámbitos".

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar as probas escritas se a/o profesor/a considerar oportuno.

En canto á superación dos proxectos contidos nas tres unidades didácticas o alumnado debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais ou as tarefas non superadas.

Para este alumnado coa materia pendente, utilizaranse os mesmos instrumentos de avaliación que para o resto do alumnado, e aplicaránsele as mesmas porcentaxes.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdense como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a darles resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacíons persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, "as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que as alumnas e alumnos que requirian unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da lingua e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se acharen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado".

A partir da avaliación inicial, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias. Faranse actividades específicamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias
- g) Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránse os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Débese ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS).

No caso dos RE, se for precisa a súa aplicación, elaborarase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descripción das medidas desenvolvidas (motivo, descripción das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE).

Este curso hai 14 alumnos, unha cantidade elevada tendo en conta que o total son 34, que precisan RE.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comunicación audiovisual		X	X			X		
ET.2 - Competencia dixital			X	X	X	X		X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial								X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico				X			X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X			X				
ET.6 - Igualdade de xénero					X			
ET.7 - Creatividade	X	X				X	X	

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla co/a autor/a do poemario	A primeira actividade complementaria do curso será unha charla co/a autor/a do libro de poemas obligatorio do primeiro trimestre. O alumnado terá, así, a oportunidade de coñecer moitas claves de lectura que lle axudarán a asimilar o contido do poemario. Alén diso, tamén se analizarán aspectos formais como pode ser a métrica ou a rima dalgúns poemas e identificarán algunas figuras estilísticas e/ou outros recursos expresivos estudiados na aula. Cada estudiante acudirá co seu propio libro a levará preparada unha pregunta sobre a obra.			

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro pola contorna de Bueu	O alumnado, logo de analizar na aula as rutas que figuran nun dos folletos turísticos editados polo concello, realizará o percorrido do Sendeiro do Litoral de Bueu e/ou outros alternativos. Alén do traballo de interpretación previo, a actividade tamén servirá para valorar e coñecer máis polo miúdo o patrimonio inmaterial da contorna, a riqueza paisaxística, a arquitectura civil e relixiosa (pazos, muíños, igrexas, capelas, ermida...) etc. Durante o traxecto fotografaránse espazos especialmente representativos que servirán para ilustrar poemas da obra de lectura obligatoria. Posteriormente intercambiaránse estes fotopoemas con estudantes dun centro catalán. A actividade organizarase conxuntamente co Departamento de Xeografía e Historia.			
Encontro co Valedor do Pobo	Durante o segundo trimestre o Departamento de Lingua Galega e Literatura organizará un encontro virtual co Valedor do Pobo ou algúnhha persoa que este deseñe. O alumnado deberá preparar na aula unha entrevista previa na que se formulen preguntas relacionas coas funcións e as actuacións más significativas desta figura. A iniciativa servirá para incidir na educación en valores e na defensa dos dereitos e liberdades que defende esta institución. O traballo final será recollido na publicación que se editará, en formato dixital, a final do terceiro trimestre.			
Obradoiro de banda deseñada	O alumnado participará activamente nun obradoiro de banda deseñada impartido por un ilustrador/a e/ou autor/a galegos. Nesta actividade formativa o alumnado deberá aprender os elementos constitutivos, técnicas, estilos, formatos dun cómic e adquirir os coñecementos teóricos e prácticos básicos que lle permitan adaptar a obra de narrativa xuvenil actual do segundo trimestre a estoutra modalidade de narración gráfica.			
Saída didáctica ao Faro de Vigo	No terceiro trimestre organizarase unha saída cultural á sede do periódico Faro de Vigo, na cidade olívica. A visita, guiada por profesionais deste xornal, servirá para que o alumnado coñeza de primeira man como se realiza todo o proceso de elaboración dun xornal, desde a selección de información e redacción de noticias ata a impresión e a publicación en papel ou en formato dixital. O obxectivo principal é que esta experiencia contribúa a mellorar a presentación e o contido da publicación que se presentará no derradeiro proxecto do curso.			

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das cinco en todo o curso, unha ou dúas por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou das/os titoras/es legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. Impartiuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéreronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia.
20. Potencióuse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.

- | |
|---|
| 22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos. |
| 23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora. |
| 24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras. |

Descripción:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagólica (CCP). Alén diso, tivérонse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso pasado.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación dos mínimos de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación establecidos ao longo do curso foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliação foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliação estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecerónse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados